

Para que serve estudar ciencia política e da Administración?

Para ser POLITÓLOGO/A e coñecer en profundidade o funcionamento do sistema político e o seu contexto, e nel o comportamento e actuación dos diversos actores políticos.

Os/as graduados/as en ciencia política adquiren habilidades que lles permiten un desempeño profesional competitivo en roles diversos tanto no sector público como no sector privado.

Obxectivo

Transmitir formación que permita ao alumnado conseguir:

- construír regras e institucións que garantan a representación democrática e o control do exercicio do poder político;
- deseñar, executar e avaliar políticas públicas en diversos niveis administrativos;
- idear e administrar instrumentos de medición e de supervisión da calidade da democracia;
- organizar, supervisar e analizar procesos electorais;
- xestionar as relacións internacionais dos organismos administrativos públicos, pero tamén das organizacións non gubernamentais e empresas privadas;
- traballar a nivel directivo ou de campo con organizacións do terceiro sector en labores de protección dos dereitos humanos, cooperación internacional e protección medioambiental.

Algunhas das Saídas Profesionais

- Xestión pública e asesoría de Goberno
- Consultoría en marketing político
- Análise electoral
- Asesoría e xestión en relacións internacionais
- Xestión de organizacións non gubernamentais
- Xestión da cooperación exterior
- Investigación científica
- Función pública
- Docencia secundaria

Información



<http://bit.ly/2Tliuly>



Video Ciencias Políticas USC GALEGO
Video Ciencias Políticas USC Subtitled English

Contacto

Avenida Dr. Ángel Jorge Echeverri, s/n - Campus Vida
15782 Santiago de Compostela (A Coruña)
Teléfono: 881 81 51 25 Fax: 881 81 51 34
Correo electrónico: zpoldeca@usc.es
Web: www.usc.es/gl/centros/politicas/index.html



Ciencia Política e da Administración



FACULTADE DE CIENCIAS
POLÍTICAS E SOCIAIS

Plan de Estudos

1º Curso

- Economía Política I: Metodoloxía e Mercados
- Socioloxía
- Métodos en Ciencia Política
- Historia do Pensamento e das Institucións Políticas
- Estatística para as Ciencias Sociais (I)
- Administración Pública
- Dereito Administrativo
- Política Internacional
- Ciencia Política II: Institucións

2º Curso

- Economía Política (II): Intervención Pública na Economía
- Políticas Públicas
- Política e Comunicación
- Estatística para as Ciencias Sociais (II)
- Sistema Político Español
- Facenda Pública
- Sistema Político Galego
- Análise Estratéxica e Toma de Decisións
- Política Comparada

3º Curso

- Sistema Político Europeo
- Técnicas cuantitativas de investigación
- Políticas Públicas da Unión Europea
- Xestión Pública

4º Curso

- Temas Actuais de Ciencia Política
- Temas Actuais de Xestión Pública
- Iniciación á Práctica Profesional
- Prácticas Externas
- Traballo de Fin de Grao

Optativas

- Estrutura Social
- Relacións Internacionais
- Opinión Pública
- Mercadotecnia Política
- Xestión de Recursos Humanos
- Marketing de Xestión
- Xestión da información
- Elección Pública
- Métodos Avanzados de Investigación Social
- Política Exterior de España
- Partidos e Sistemas de Partidos
- Teoría Política
- Análise Electoral
- Políticas Públicas Sectoriais
- Control de Xestión
- Goberno Local

Programas de Mobilidade

Sicue (intercambio entre universidades de España)

Erasmus + (Intercambio entre universidades do EEES)

Erasmus KA-107 e Erasmus Mundus (Intercambio entre universidades non pertencentes ao EEES)

Programas Bilaterais (Intercambio entre universidades fóra do espazo europeo)

Programas de Prácticas Externas

A Facultade de Ciencias Políticas e Sociais posúe unha longa experiencia na oferta de prácticas en entidades (institucións, ONGs, partidos políticos, empresas privadas, centros de investigación) de ámbito local, autonómico, estatal e internacional. Nos vinte anos de existencia do programa de prácticas externas, o número de alumnos/as que cada curso realizan esta actividade aproxímase ao centenar.

Na actualidade dispoñemos de 110 convenios de colaboración para a realización das prácticas, posuíndo algúns dos convenios un carácter marco que fornece prácticas noutras entidades do sector público. É o caso, por exemplo, do convenio marco coa FEGAMP, que permite a realización de prácticas nos 314 concellos de Galicia. Igualmente, xestionamos a realización de prácticas no estranxero.

Formación Complementaria

Como reforzo do ensino ofertado no título, a Facultade organiza numerosas actividades (conferencias, seminarios, obradoiros) de reforzo das competencias adquiridas.

Así mesmo, en paralelo á realización de prácticas externas, organízanse cursos complementarios destinados a reforzar as capacidades dos alumnos/as de cara a inserción laboral.

